



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

A Alcaldía dictou en data 27 de marzo de 2009 Resolución co seguinte contido na súa parte dispositiva:

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar definitivamente a obra **“Alumeado público na Alameda de Aldán”**.

Segundo.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato “Alumeado público na Alameda de Aldán” á empresa BERNÁRDEZ SOUTO, S.L., co CIF n.º B-36547206, e domicilio na rúa Lealtad n.º 29, baixo, de Moaña (CP 36950), polo importe total de 62.883,69 € e un prazo de execución de catro meses.

Terceiro.- Outorgar un prazo de 10 días hábiles para a sinatura do contrato.

Cuarto.- Notificar este acordo ao adxudicatario e demais licitadores, así como á Intervención Municipal e á directora de obra, así como dar publicidade á adxudicación definitiva deste contrato coa súa inserción no Perfil do Contratante.

Quinto.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local na súa próxima sesión a efectos da súa ratificación.

O que se fai público no Perfil do Contratante do Concello de Cangas o día 27 de marzo de 2009.